

FÚTBOL GAÉLICO



**Proposta didáctica
para a súa
integración no
Terceiro Ciclo de
Educación Primaria**

**JUAN LUIS FERNANDEZ PEREZ
CEIP Virxe do Rocío. O Resío - Vigo
2024**

FÚTBOL GAÉLICO: Proposta didáctica para a súa
integración no Terceiro Ciclo de Educación Primaria © 2024
by Juan Luis Fernández Pérez is licensed under [CC BY 4.0](https://creativecommons.org/licenses/by/4.0/)



Índice

ÍNDICE.....	3
PRESENTACIÓN.....	4
QUE É O FÚTBOL GAÉLICO?.....	5
O FÚTBOL GAÉLICO NA EDUCACIÓN PRIMARIA.....	7
O FÚTBOL GAÉLICO EN EDUCACIÓN FÍSICA.....	9
METODOLOXÍA.....	10
ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	14
INTERDISCIPLINARIEDADE CURRICULAR.....	14
CONCRECIÓN CURRICULAR.....	16
AVALIACIÓN.....	18
INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.....	19
TEMPORALIZACIÓN.....	21
DESENVOLVEMENTO DAS SESIÓNS.....	22
MODELO XORNADA COMPETITIVA INTERCENTROS.....	29
XOGOS DE APLICACIÓN NAS AULAS DE EF.....	30
ORGANISMOS DO FÚTBOL GAÉLICO	34
LIGAZÓNS DE INTERESE.....	37

Presentación

Estimado/a profesor/a;

Presentamos neste documento unha **unidade didáctica de Fútbol Gaélico que ten por obxectivo integrar este deporte no terceiro ciclo de Educación Primaria dentro da área de Educación Física.**

Con este traballo pretendemos achegar unha modalidade deportiva aínda moi descoñecida, o Fútbol Gaélico, aos centros escolares, partindo da perspectiva da iniciación deportiva e coa finalidade última de compartir esta experiencia con alumnado doutros centros escolares.

As premisas que guiaron o deseño deste traballo foron dúas:

- Atendendo á lexislación actual que regula o currículo na etapa de Educación Primaria, (LOMLOE 3/2020, Decreto 155/2022) facilitando deste xeito a súa inclusión nas Programacións Didácticas do profesorado;

- Atendendo á natureza do xogo, o seu regulamento e ás súas adaptacións na área de Educación Física en Educación Primaria, ofrecendo ao mestre especialista de Educación Física unha secuencia didáctica sinxela e práctica de iniciación a este deporte.

O fútbol gaélico revélase como un elemento educativo de grande interese, tanto no desenvolvemento de *Obxectivos da Área de Educación Física* como das *Competencias Clave* propostas para esta etapa. As posibilidades de *Interdisciplinabilidade* con outras áreas do currículo, (especialmente Lingua estranxeira, Lingua galega, Ciencias Sociais) tamén dotan ao Fútbol Gaélico dun elevado valor educativo. Así mesmo, os valores intrínsecos que o caracterizan son outro dos compoñentes educativos que presenta, permitindo traballar os *elementos transversais* (Igualdade entre homes e mulleres, Educación para a saúde, Educación para a paz) nas nosas aulas.

Agardamos que este traballo sexa do voso interese e permita un maior coñecemento e unha maior presenza do Fútbol Gaélico nos centros educativos de Galicia. Saúdos!!

Que é o Fútbol Gaélico?

O fútbol gaélico (Péil ou Caid en gaélico) é unha variante do fútbol orixinada en Irlanda, sendo un dos deportes máis populares neste país xunto co Hurling. A GAA e a LFGA son os organismos que xestionan o funcionamento e as competicións do fútbol gaélico en Irlanda.

O fútbol gaélico xógase en equipos de 15 xogadores nun campo rectangular de herba, semellante ao de fútbol pero de maiores dimensións, (130 - 145 m de lonxitude e 80 - 90 m de largura) con porterías en forma de H a ambos lados. Hai liñas marcadas a 13, 20 e 45 metros de cada extremo. Utilízase un balón de coiro con liscos horizontais, semellante ao de fútbol pero lixeiramente máis pesado. Os partidos teñen unha duración de 60 minutos (70 minutos nos partidos Senior entre condados), divididos en 2 períodos de xogo.

O obxectivo principal é rematar o tempo de xogo con máis puntos que o equipo rival, mediante a consecución de **puntos** (1 punto) golpeando o balón cos pés ou coas mans e enviándoo entre os paus (por riba do traveseiro da portería rival) e/ou marcando **goles** co pé na portería rival (cun valor de 3 puntos).

Os xogadores avanzan polo campo conducindo o balón coas mans ou cos pés, pateándoo e pasándoo entre compañeiros de equipo, respectando sempre o regulamento do xogo nas súas accións: desprazarse co balón, pasalo, recollelo do chan, roubalo...

Desenvolvemento do xogo

O xogo iníciase en ambos períodos cun saque neutral do árbitro no centro do campo entre catro xogadores, dous de cada equipo. O resto de xogadores sitúanse detrás das liñas de 45 m.

Sempre que se reinicie o xogo, por unha falta técnica ou por que o balón sae fóra do campo de xogo, deberá facerse golpeando o balón co pé. O balón pode patearse desde o chan ou desde as mans. (salvo nos lanzamentos de 45 m e os penaltis, que son sempre desde o chan). Na execución dun saque de falta ou fóra de banda, atacantes e defensores deberán estar a unha distancia mínima de 13 m.

Cando unha bóla traspasa a liña de fondo tras ser xogada polo equipo atacante ou tras anotar, o xogo retómase cun saque de portería dende o chan na liña de 13m. Se o gardameta non realiza o saque debe permanecer na área pequena. O

resto de xogadores, excepto o que realiza o saque, deben estar por detrás da liña de 20m e a unha distancia de 13m ata que a bóla sexa golpeada.

Cando a bóla sae pola liña de fondo tras ser xogada polo equipo defensor, concederáse un saque libre dende o chan ao equipo contrario dende a liña de 45m á altura onde saíu a bóla.

Manexo do balón

Cando un xogador está en posesión da bóla, pode avanzar con ela nas mans durante un máximo de catro pasos ou ser retida nas mans o tempo equivalente a dar catro pasos. Despois, para poder seguir avanzando, pode:

- golpear a bóla dende o pé ás mans (solo ou toe).
- botar a bóla unha vez, e outra vez despois de cada solo.

Así, o xogador con balón disporá doutros catro pasos para avanzar cada vez que realice un bote ou un solo.

O xogador con balón pode conducir tamén o balón co pé, pero deberá tocalo co pé para pasalo das mans ao chan, pois se o tira directamente será falta técnica. Por outra banda, a conducción do balón co pé vese limitada pola acción defensiva do rival, pois en canto un defensor se agache coas mans por diante para levantar o balón do chan, no se pode meter o pé, ou será falta técnica.

O xogador con balón pode pasar o balón a un compañeiro. Só se permite o pase mediante un golpeo do balón, xa sexa coa man ou co pé. O balón debe estar en contacto coa man que o suxeita ao golpealo coa outra man ou deixalo caer das mans para golpealo co pé.

Cando o balón está en contacto co chan no se pode tocar coas mans. Para levantar un balón que está no chan é preciso levantalo co pé, e desde aí collelo nas mans.

Defensa

Pódese golpear o balón das mans do rival (sempre coa palma aberta e nunca en dirección ao peito) ou empurralo co ombreiro (ombreiro contra ombreiro)

****NOTA:** (Nas categorías inferiores a carga lateral está prohibida)

As xogadas seguintes son consideradas faltas:

- Realizar unha placaxe, (consideradas falta agresiva)
- Empurrar ou derrubar un rival (sempre que non sexa ombreiro contra ombreiro).

- Agarrar a un oponente da camisola.
- Bloquear un tiro cos pés a unha distancia que poida supor risco para a integridade do lanzador.
- Arrincar o balón das mans

O Fútbol Gaélico na Ed. Primaria

Tendo como referencia a actual lei de Educación, LOMLOE 3/2020, así como o Decreto 155/2022, polo que se desenvolve o currículo na etapa de Educación Primaria, a inclusión do Fútbol Gaélico na área de Educación Física vai permitir o desenvolvemento de diferentes Obxectivos de Etapa, nomeadamente o k) que fai referencia *á educación física, o deporte e a alimentación como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social*; pero tamén outros como o a) b),c),d),e) e f).

A consecución destes Obxectivos de Etapa estará vinculada á adquisición das Competencias Clave, sinaladas na lexislación citada anteriormente, e nas que o Fútbol Gaélico pode contribuír:

Competencia en comunicación Lingüística. (CCL) Desenvólvese na área de educación física a través das múltiples situacións de comunicación motriz establecidas nos xogos e exercicios. O fútbol gaélico contribuirá ao desenvolvemento desta competencia mediante a adquisición do vocabulario propio do deporte, a explicación de xogos e exercicios de aprendizaxe, a exposición de traballos relacionados coa historia e características do deporte, etc.

Competencia Plurilingüe. (CP) Esta unidade didáctica desenvolverá esta competencia utilizando a terminoloxía propia do deporte en lingua inglesa e lingua galega, converténdose así nun elemento motivador para a aprendizaxe, tanto da lingua estranxeira como da propia.

Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría (STEM). Contribúese ao desenvolvemento desta competencia con todas aquelas actividades que implican un razoamento matemático como a interpretación de planos, apreciación de distancias, traxectorias, localización de obxectos, estimacións de tempo... Na práctica dos deportes de equipo, nomeadamente o fútbol gaélico, as distintas puntuacións, a interpretación dos espazos de xogo, das traxectorias dos compañeiros e os adversario, do balón así como a localización das

zonas que nos van permitir unha superioridade no ataque van contribuír a adquisición desta competencia.

Competencia dixital.(CD) Abrangue o emprego de aplicacións informáticas para a realización de actividade física, busca de información empregando as TIC e a súa valoración crítica. Podemos propoñer aos nosos alumnos diferentes actividades aos nosos alumnos ao longo desta unidade didáctica: Buscar e seleccionar información para a elaboración e exposición de pequenos traballos relacionados co fútbol gaélico, visualización de partidos en plataformas online, elaboración de vídeos didácticos, etc.

Competencia persoal, social e de aprender a aprender. (CPSAA) Supón a adquisición dunha aprendizaxe permanente mediante o desenvolvemento de habilidades para iniciarse na aprendizaxe dunha actividade física. Partindo dun xeito guiado para ir progresando cara a unha práctica autónoma. Sendo quen ademais de avaliar o seu propio traballo e pedir asesoramento. Nesta unidade didáctica o alumnos irán aprendendo as regras e a técnica do xogo por si mesmos mediante o ensaio/erro, interiorizando as correccións e os consellos dados polo profesor froito da súa experiencia motriz.

Competencia cidadá. (CC) A práctica do fútbol gaélico leva implícita unha serie de valores que fan del algo máis que un deporte. Dende a propia GAA, organismo que rexe o fútbol gaélico a nivel mundial, deféndense e promóvense valores tales como o amateurismo, a disciplina, o respecto, a honestidade, a paixón ou a solidariedade. O respecto por todos eles serán vistos na aula e preparan aos alumnos e alumnas para o exercicio dunha cidadanía responsable e democrática.

Competencia emprendedora.(CE) Trabállase adquirindo pequenas responsabilidades que reforzan a autonomía e iniciativa persoal do alumnado. Ao longo desta unidade didáctica os alumnos e alumnas deberán facer as función de arbitro, umpire (árbitro de portería) e de capitán coa responsabilidade que iso supón tanto na toma de decisións como na transmisión das posibles queixas.

Competencia en conciencia e expresións culturais.(CCEC) O fútbol gaélico está ligado a unha serie de valores da cultura irlandesa que se reflicten nas súas camisetas, emblemas e tradicións... ao longo das nosas sesións trataremos de transmitirle estes aspectos culturais e a súa asunción desde a perspectiva galega, co fin de que os coñezan e os valoren.

O Fútbol Gaélico en Educación Física

Atendendo ás fases de desenvolvemento das habilidades motrices proposto por diversos autores como Sánchez Bañuelos (1986) ou Le Boulch (1991), o Terceiro Ciclo de Ed. Primaria coincide co período de Iniciación nas Habilidades Específicas (a partir dos 10 anos) sendo o Fútbol Gaélico un medio ideal para o seu desenvolvemento nas aulas de Educación Física.

Por outra banda, a inclusión do Fútbol Gaélico dentro da área de Educación Física, vai contribuír ao desenvolvemento dos cinco Obxectivos de Área e os seis Boques de Contidos propostos na LOMLOE e no Decreto 155/2022, cuxo grao de consecución pode ser verificado mediante os Criterios de Avaliación secuenciados para cada ciclo e curso da etapa, nomeadamente os relativos ao desenvolvemento do Bloque 3. (Resolución de problemas en situacións motrices), Bloque 4 (Autorregulación emocional e interacción social en situacións motrices); e o Bloque 5. (Manifestacións d cultura motriz), se ben os outros bloques tamén poden ser abordados mediante o Fútbol Gaélico nas nosas aulas. Outros dos argumentos que propoñemos a favor do fútbol gaélico son os seguintes:

- A variedade de habilidades e destrezas básicas que desenvolve (empregando tanto as extremidades superiores como as inferiores no manexo do balón) fan do fútbol gaélico un deporte moi rico no aspecto motriz.
- O escaso coñecemento deste deporte fai que, a priori, todos os alumnos partan dun nivel de competencia semellante.
- As técnicas básicas e máis definitorias deste deporte son facilmente asimilables. Amais, a lóxica interna común con outros deportes de cooperación-oposición permite que os alumnos poidan rapidamente incorporarse ao xogo do Fútbol Gaélico aprendendo un número moi reducido de accións técnicas específicas.
- Os valores que fomenta o Fútbol Gaélico: traballo en equipo, xogo limpo, respecto, terceiro tempo, pertenza a unha comunidade, etc... fan del un deporte cun elevado valor educativo.
- O fútbol gaélico é un deporte facilmente adaptable ás instalacións e materiais dispoñibles na gran maioría de centros educativos. Así sucede tamén en Irlanda, onde este deporte é adaptado nas súas dimensións, materiais e número de xogadores á realidade e posibilidades dos centros educativos.

Metodoloxía

As orientacións metodolóxicas que propoñemos terán en conta, por unha banda, a especificidade dunha serie de *elementos técnicos* que ten o Fútbol Gaélico (Pase de man, Crouch Lift, Solo) para os que propoñemos inicialmente estilos de aprendizaxe directivos, como o **mando directo** e a **asignación de tarefas**; e por outra banda, tamén teremos presentes os *principios tácticos* comúns con outros Deportes de Invasión (balonmán, baloncesto, rugby, fútbol) que autores como Almond (1986), Davís e Peiró (1992) propoñen e para os que consideramos máis axeitados estilos de ensino máis participativos e cognoscitivos, como o **descubrimento guiado** ou a **resolución de problemas**.

Deste xeito, a Unidade Didáctica divídese en dúas propostas metodolóxicas diferentes, pero á vez complementarias, con 4 sesión cada unha delas.

Empregaremos, por unha banda, *estratexias analíticas*, centrando a aprendizaxe na adquisición da técnica correcta; e pola outra, *estratexias globais*, cun enfoque máis comprensivo, que teñan en conta as experiencias previas do noso alumnado noutros deportes e os achegue ás situacións reais de xogo, permitindo un maior desenvolvemento corporal e unha maior motivación intrínseca.

O xogo será desde un primeiro momento, e para ambas as dúas propostas, o recurso metodolóxico que guiará a aprendizaxe do noso deporte, tanto nas sesións nas que os obxectivos didácticos se centren en aspectos máis técnicos como naquelas outras nas que a meta de aprendizaxe estea máis focalizada nas condutas tácticas. Procuraremos así unha aprendizaxe eminentemente práctica, contextualizada na súa contorna, dirixida ao fomento do traballo cooperativo e a inclusión do alumnado.

En canto á organización das tarefas nas sesións desta unidade didáctica, combinaremos aquelas baseadas no traballo individual e por parellas con outras que involucren a pequenos grupos e ao grupo enteiro, nomeadamente os diferentes xogos propostos.

Modelo Técnico

Para as 4 primeiras sesións da Unidade Didáctica seguimos o modelo proposto pola GAA e a LGFA, organismos reguladores do Fútbol Gaélico en Irlanda, que parte dun modelo tradicional centrado na aprendizaxe técnica e na detección e corrección dos erros máis habituais. Ambas institucións ofrecen materiais na súa web

e a súa adaptación ao ámbito educativo e ás diferentes idades, establecendo 3 niveis segundo as capacidades dos practicantes.

<https://learning.gaa.ie/footballskills>

<https://ladiesgaelic.ie/learn/>

Estas sesións seguirán o seguinte esquema:

- **Explicación/demostración da técnica:** Explicación /Demostración na que se fai énfase nos principais puntos a ter en conta na execución da técnica, así como dos erros máis comúns que deben ser evitados.
- **Practicar a técnica:** Exercicios e tarefas que permitan poñer en práctica a habilidade proposta facendo énfase na súa execución técnica.
- **Desenvolver a habilidade:** Exercicios, tarefas e xogos nos que a realización da técnica non sexa o fin, pero si o medio fundamental e necesario para acadar os obxectivos do xogo, habendo unha maior interacción con outros xogadores, maior cantidade de estímulos aos que responder e maior cantidade de respostas posibles.
- **Xogo de aplicación:** Xogo modificado, en condición máis semellantes ao xogo real e nos que buscamos a aplicación da técnica dun xeito correcto e no momento adecuado.

Para a elaboración dos exercicios, tarefas e xogos, así como a implementación de variantes, aplícase o chamado método STEPR, a partir do cal podemos modificar as tarefas aumentando ou diminuíndo a súa dificultade, así como para facer fincapé nun determinado aspecto que queiramos traballar.

S – Space (Mudando o espazo no que desenvolver o xogo)

T – Time (Modificando/condicionando o tempo dispoñible)

E – Equipment (Material que incluímos no xogo: número de balóns, conos, etc.)

P – People (Modificando o número de xogadores participantes na tarefa)

R- Rules (Modificando as regras do xogo)

Modelo Táctico/Comprensivo

Outro xeito de abordar a iniciación ao Fútbol Gaélico, ou unha maneira complementaria de desenvolver a súa aprendizaxe, será a proposta nas 4 últimas sesións desta Unidade Didáctica. Como profesores de Educación Física, podemos atopar nun enfoque comprensivo un xeito máis enriquecedor de achegarnos a este deporte desde unha perspectiva máis global.

García (2001) sinala as tres fases principais que comprenden esta proposta:

- 1ª fase: Presentación do xogo como momento principal da sesión.
- 2ª fase: Adestramento consciente do coñecemento táctico.
- 3ª fase: Adestramento das habilidades técnicas para retomar novamente o xogo.

O xogo será o referente constante deste modelo de ensino, sendo o eixo fundamental sobre o que xira toda a sesión de adestramento.

1ª FASE

OBXECTIVO: Presentar o xogo do fútbol gaélico.

- Facemos unha presentación do deporte, as súas normas fundamentais e os principais elementos técnicos do deporte.
- Posta en práctica do deporte, detendo a acción para realizar correccións durante o desenvolvemento do xogo.

2ª FASE

OBXECTIVO: Desenvolver os comportamentos tácticos fundamentais do fútbol gaélico.

No desenvolvemento desta fase da aprendizaxe, seguiremos o modelo de sesión proposto

por Devís e Peiró (1992):

- Pártese dunha situación de xogo, sen práctica das habilidades previa.
- O propio contexto do xogo vai presentar unhas esixencias determinadas.
- Desas demandas do xogo, xorden unha serie de problemas motrices aos que os alumnos deberán buscar solucións, en principio de xeito verbal.
- Unha vez elixidas as solucións, regrésase á práctica, tratando de levar a cabo ditas solucións.
- Despois da acción, aparece un tempo de reflexión e análise de resultados, realizado en conxunto entre alumnado e profesor.
- O proceso remata, ou ben integrando as solucións no propio contexto de xogo; ou ben recorrendo ao modelo “técnico” cando os alumnos non son capaces de poñer en práctica as solucións dadas.

As principais situacións de xogo das que podemos partir son:

- Contraataque/ Defensa
- Saque de portería:

- Lanzamento de 45
- Outras situacións das que podemos partir:
 - Saque de banda
 - Saque inicial
 - Saque neutro
 - Faltas desde diferentes situacións

Para a elaboración de actividades desta fase tamén empregaremos os Principios Tácticos Comúns enunciados por Devís e Peiró (1992), que seguindo a clasificación de Almond (1986) identifica o Fútbol Gaélico como un Deporte de Invasión do mesmo tipo que outros deportes como o Fútbol, Rugby, Hockei, etc:

PRINCIPIOS DO XOGO	
ATAQUE	DEFENSA
<ol style="list-style-type: none"> 1. Conservar a bóla 2. Progresar cara a meta ou zonas de puntuación 3. Puntuar 	<ol style="list-style-type: none"> 1. Recuperar a bóla 2. Impedir a progresión cara á meta ou zonas de puntuación 3. Impedir a puntuación

3ª FASE

OBXECTIVO: Desenvolver as habilidades técnicas e retomar o xogo.

Nesta última fase da proposta comprensiva, podemos empregar exercicios máis illados co fin de desenvolver unha técnica concreta, ou para facilitar a aprendizaxe dun determinado procedemento táctico (pase e vai, por exemplo). O modelo Técnico, presentado nas 4 primeiras sesións, será o que realizaremos nesta última fase.

Atención á diversidade

Atender á diversidade na aula supón ofrecer una proposta educativa que permita o acceso ao currículo de todos os alumnos no mesmo entorno ordinario.

Nunha educación física inclusiva todo o alumnado comparte o mesmo espazo, mantendo as máis altas expectativas de aprendizaxe. Polo tanto as actividades segregadas non son consideradas inclusivas. A inclusión supón sempre compartir co grupo o proceso de aprendizaxe e, neste contexto, a diversidade dá cohesión ao grupo e o enriquece.

Non se trata dunha tarefa doada. Será preciso adoptar estratexias que faciliten a participación efectiva do alumnado. Propoñer actividades comúns e realizables para todos baixo as seguintes premisas:

- Ofrecer actividades con distinto grado de dificultade na execución.
- Equilibrar o deseño de actividades de gran grupo e pequeno grupo (sen propoñer actividades individuais para aqueles alumnos que presentan dificultades de aprendizaxe cando o resto do grupo participa colectivamente).
- Deseñar actividades de libre elección onde o alumno poida elixir o itinerario das tarefas ao longo da sesión en función das súas capacidades.
- Asegurar a práctica da totalidade do grupo clase formando un equipo. Todos sumamos.

Interdisciplinariade curricular

Área de Lingua estranxeira: Inglés

Esta é a área do currículo na que máis relacións poidamos establecer:

- Tradución dos termos relacionados co campo de xogo, regulamento e elementos técnicos (umpires, forty-five, match, foul, fist pass, kick, crouch lift, etc...)
- Materiais escritos e audiovisuais de Fútbol Gaélico en lingua inglesa.
- Visitas e entrevistas con adestradores estranxeiros de Fútbol Gaélico. A GGE envía periodicamente Adestradores e Asesores aos distintos países europeos nos que se practica o Fútbol Gaélico. En Galicia levamos anos recibindo este tipo de visitas.
- Interaccións con centros educativos europeos. As iniciativas Erasmus + ofrecen unha interesante posibilidade de intercambio con alumnado e

profesorado europeo nos que o Fútbol Gaélico pode ser un valioso nexos de unión.

Área de Lingua Galega

O Fútbol Gaélico é un dos deportes nos que a presenza da lingua galega está máis normalizada. O Fútbol Gaélico ofrece tamén unha visión do “galego” moderna e positiva, que axuda a combater prexuízos lingüísticos aínda hoxe presentes na nosa sociedade. As actividades que podemos propoñer son as seguintes:

- Elaboración/Tradución de regulamentos
- Elaboración de materiais didácticos escritos e audiovisuais.
- Exposicións orais relacionadas co deporte
- Organización de encontros lúdico-deportivos
- Análise de artigos de prensa e entrevistas en medios de comunicación galegos.

Área de educación artística

- Deseño e creación de escudos ou emblemas que representen o equipo.
- Creación de carteis para os torneos escolares.
- Fotografías

Área de Matemáticas

- Cálculo de dimensións relacionadas co campo de xogo: largura, lonxitude, áreas.

Concreción curricular

Obx. de Etapa	Obxectivos didácticos
<ul style="list-style-type: none"> • a • b • c • d • e • f • k 	<ul style="list-style-type: none"> • Coñecer as principais regras do xogo e valorar o respecto polas mesmas como medio de asegurar a igualdade de oportunidades entre os participantes. • Aprender e practicar as habilidades específicas así como os elementos técnico tácticos propios do fútbol gaélico. • Participar nas actividades propostas respectando aos compañeiros, aos adversarios e máis os elementos materiais. • Coñecer e practicar esta modalidade deportiva contemplándoa como unha alternativa para o tempo de lecer activo favorecendo o seu desenvolvemento persoal e mellorando a súa saúde e calidade de vida.
Competencias Clave	Contidos específicos da UD
CCL, CP, CD, STEM, CPSAA, CC, CE, CCEC	<p>Bloque 3:</p> <ul style="list-style-type: none"> ■ Toma de decisións <ul style="list-style-type: none"> • Adecuación de accións para o axuste espazo-temporal na interacción cos compañeiros en situacións cooperativas. • Desmarque e localización nun lugar desde o que constitúa un apoio para os demais en situacións motrices de colaboración-oposición de persecución e de interacción cun móbil. ■ Iniciación das habilidades motrices específicas asociadas á técnica en actividades físico-deportivas: aspectos principais <p>Bloque 4:</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Concepto de fairplay ou “xogo limpo.

Criterios de avaliación específicos da UD	Obxectivos de Área
CA1.5. e CA3.3 Adquirir un progresivo control e dominio corporal, empregando os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira eficiente e creativa e facendo fronte ás demandas de resolución de problemas en situacións motrices diversas transferibles ao seu espazo vivencial.	OBX 2
CA2.5, CA3.2, CA4.2 e CA6.4 Aplicar principios básicos de decisións en situacións lúdicas, xogos modificados e actividades deportivas a partir da anticipación, axustándoos ás demandas derivadas dos obxectivos motores e á lóxica interna de situacións individuais, de cooperación, de oposición e de colaboración-oposición, en contextos reais ou en simulados de actuación, e reflexionando sobre as solucións obtidas.	OBX 2
CA4.4. Respetar as normas consensuadas, así como as regras dos xogos, e actuar desde os parámetros da deportividade e do xogo limpo, recoñecendo as actuacións dos compañeiros e dos rivais.	OBX 3
CA5.3. Participar en actividades de carácter motor desde a autorregulación da súa actuación, con predisposición, esforzo, perseveranza e mentalidade de crecemento, actuando reflexivamente, xestionando as emocións e expresándoas de forma asertiva.	OBX 3
CA5.5. Participar activamente en xogos motores e noutras manifestacións artístico-expresivas con arraigamento na cultura propia, tradicional ou actual, así como noutros procedentes de diversas culturas, recoñecendo e transmitindo o seu valor cultural e o seu potencial como espazo xerador de interaccións construtivas entre persoas con orixes diferentes e entendendo as vantaxes da súa conservación.	OBX 4

Avaliación

Tendo en conta que esta Unidade Didáctica ten como propósito a súa integración na área de Educación Física no Terceiro Ciclo de Educación Primaria, a avaliación non responderá tanto a criterios técnicos ou de rendemento no xogo, como a criterios de tipo de tipo curricular. É por este motivo que prescindimos de Tests técnicos ou de Valoración do rendemento no xogo na avaliación da UD.

A avaliación terá en conta os distintos tempos (Inicial, Procesual e Final) e rexirase pola consecución dos Criterios de Avaliación prescritivos incluídos na lexislación vixente (Decreto 155/2022). Na seguinte relación móstranse os instrumentos empregados para este fin:

Peso da UD na Programación Didáctica: 11'4%(8 sesións) / 5'7% (4 sesións)			
CA	Instrumento Avaliación	Mínimo Consecución	Peso na UD
CA1.5 e CA3.3	Rúbrica	Acada o nivel 2 dos ítems avaliados na rúbrica	25%
CA2.5, CA3.2, CA4.2 e CA6.4	Rúbrica	Acada o nivel 2 dos ítems avaliados na rúbrica	25%
CA4.4	Lista de control	Acada un mínimo de 5 respostas positivas dos 10 ítems avaliados na lista de control	20%
CA5.3	Rexistro anecdótico	Non infrinxe o regulamento con máis de 2 sancións graves (cartón amarelo) ou máis de 1 moi grave (cartón vermello) ao longo da UD	20%
CA5.5	Traballo investigación	Investiga polo menos 1 aspecto da Historia, Regulamento, Organizacións ou Competicións relacionadas co Fútbol Gaélico.	10%

Instrumentos de avaliación

RÚBRICA COMPOÑENTES CUALITATIVOS E CUANTITATIVOS, TOMA DE DECISIÓNS

NOME:		CURSO:	CUALIFICACIÓN:	
CA / Elemento a avaliar	1 INSUFICIENTE	2 SUFICIENTE	3 BO	4 EXCELENTE
CA1.5 e CA3.3 Corrección na Execución de Elementos Técnicos Básicos: Pase-recepción, lanzamento, solo-bote e crouch lift.	Non mostra progresión respecto ao nivel de partida inicial, na execución de, polo menos, dous elementos técnicos básicos: Pase-recepción, lanzamento, solo-bote e crouch lift.	Mostra certa progresión respecto ao nivel de partida inicial, na execución de, polo menos, dous elementos técnicos básicos: Pase-recepción, lanzamento, solo-bote e crouch lift.	Mostra unha boa progresión respecto ao nivel de partida inicial, na execución da maioría dos elementos técnicos básicos: Pase-recepción, lanzamento, solo-bote e crouch lift.	Mostra unha óptima progresión respecto ao nivel de partida inicial, na execución dos elementos técnicos básicos: Pase-recepción, lanzamento, solo-bote e crouch lift.
CA1.5 e CA3.3 Éxito na resultado das accións técnicas: Pase-recepción, lanzamento, solo-bote e crouch lift.	Non mostra progresión respecto ao nivel de partida inicial, non obtendo nunca éxito nas accións técnicas que realiza	Mostra certa progresión respecto ao nivel de partida inicial, con éxito ocasional nas accións técnicas que realiza: Pase-recepción, lanzamento, solo-bote e crouch lift.	Mostra unha boa progresión respecto ao nivel de partida inicial, con frecuente éxito nas accións técnicas que realiza: Pase-recepción, lanzamento, solo-bote e crouch lift.	Mostra unha óptima progresión respecto ao nivel de partida inicial, no éxito das accións técnicas que realiza: Pase-recepción, lanzamento, solo-bote e crouch lift.
CA2.5, CA3.2, CA4.2 e CA6.4 Toma de decisións no xogo de Ataque	Non mostra progresión respecto ao nivel de partida inicial, na toma decisións en ningunha das accións do xogo de ataque: Pasar, lanzar, progresar, desmarcarse	Mostra certa progresión respecto ao nivel de partida inicial, na toma decisións en, polo menos, dúas accións do xogo de ataque: Pasar, lanzar, progresar, desmarcarse	Mostra unha boa progresión respecto ao nivel de partida inicial, na toma decisións en máis de dúas accións do xogo de ataque: Pasar, lanzar, progresar, desmarcarse	Mostra unha óptima progresión respecto ao nivel de partida inicial, na toma decisións durante o xogo de ataque: Pasar, lanzar, progresar, desmarcarse
CA2.5, CA3.2, CA4.2 e CA6.4 Toma de decisións no xogo de Defensa	Non mostra progresión respecto ao nivel de partida inicial, na toma decisións en ningunha das accións do xogo de defensa:	Mostra certa progresión respecto ao nivel de partida inicial, na toma decisións en, polo menos, dúas accións do xogo de defensa: roubar, interceptar, marcar ao rival, ocupar espazo	Mostra unha boa progresión respecto ao nivel de partida inicial, na toma decisións en máis de dúas accións do xogo de defensa: roubar, interceptar, marcar ao rival, ocupar espazo	Mostra unha óptima progresión respecto ao nivel de partida inicial, na toma de decisións durante o xogo de defensa: roubar, interceptar, marcar ao rival, ocupar espazo.
CA2.5, CA3.2, CA4.2 e CA6.4 Creatividade na Toma de decisións	Non mostra progresión respecto ao nivel de partida inicial, na emisión de varias respostas con ou sen éxito	Mostra certa progresión respecto ao nivel de partida inicial, na emisión de varias respostas e con éxito ocasional	Mostra unha boa progresión respecto ao nivel de partida inicial, na emisión de respostas variadas e con frecuente éxito	Mostra unha óptima progresión respecto ao nivel de partida inicial, na emisión de respostas variadas, creativas e exitosas

LISTA DE CONTROL NORMAS, REGULAMENTO, DEPORTIVIDADE (CA4.4)

ÍTEMS	SI	NON
Cumpre as regras dos xogos, actuando en consecuencia cando lle afectan, aínda que supoñan unha desvantaxe para el/ela		
Xoga adaptando o seu comportamento motor ás limitacións regulamentarias		
Asume as decisións do árbitro sen protestar		
Actúa consecuentemente e con honestidade cando se produce unha situación dubidosa no xogo		
Evita realizar cargas ou comportamentos defensivos que poidan poñer en perigo a integridade dos demais participantes		
Móstrase voluntario para exercer a labor de árbitro		
Realiza a función de umpire, actuando con honestidade aínda que afecte negativamente ao seu equipo		
Recoñece ae acepta a vitoria dos rivais con deportividade, sen enfrontamentos nin actitudes desafiante		
Celebra cos compañeiros os logros do equipo sen facer escarnio nos contrincantes nin faltarlles ao respecto		
Acepta as correccións ante os propios erros e dirixe correccións aos compañeiros de xeito educado e respectuoso		

REXISTRO ANECDÓTICO AUTORREGULACIÓN (CA5.3)

ALUMNO/A:	CURSO	DATA
DESCRICIÓN DO FEITO		COMENTARIO / ANÁLISE

Temporalización

Esta unidade didáctica está estruturada en **8 sesións, 7 das cales** desenvolveráse nas instalacións do centro educativo seguindo as indicacións expostas no apartado de *Metodoloxía*:

- As 4 primeiras sesións desenvolverán o *Modelo Técnico*.
- As 3 seguintes sesións seguirán o *Modelo Táctico/Comprensivo*.
- A derradeira sesión consistirá nunha Xornada Competitiva: Unha **Actividade Complementaria** que consistirá nun encontro competitivo no que alumnado poida poñer en práctica as aprendizaxes adquiridas con outros estudantes da súa idade. Ofrécese ao final das sesións un modelo de Xornada Competitiva Intercentros para a organización deste tipo de encontros.

As sesións están deseñadas considerando un tempo de duración de 50 minutos e seguen o modelo de sesión proposto por Santos Berrocal, dividido en 5 partes:

- Fase de información (3 -5 minutos)
- Quecemento ou Animación (5-10)
- Logro de Obxectivos ou Parte Principal (20-30 minutos)
- Volta á calma (5-10)
- Análise de resultados (3-5 min)

Desenvolvemento das sesións

SESIÓN 1	DATA:	CURSO:	DURACIÓN 50 min
CONTIDOS		ESPAZO: Pista polideportiva	
<ul style="list-style-type: none"> • O pase no fútbol gaélico • O pase de man / puño 			
OBXECTIVOS		MATERIAL: Balóns de fútbol gaélico, petos e conos	
<ul style="list-style-type: none"> • Iniciar /practicar o pase de man. • Aplicar o pase en contextos lúdicos 		ORGANIZACIÓN: Gran grupo - Grupos de 5-8	
FASE DE INFORMACIÓN			
<p>Esta primeira sesión debe vir precedida dunha “Sesión 0”, na que faremos unha presentación xeral do deporte, co seguinte vídeo, no que se describen as principais características e regras do Fútbol Gaélico.</p> <p>https://youtu.be/Wtx6voKmkus?si=IW7Pw4ZB9gHzCgGg</p> <p>Desde o punto de vista práctico buscaremos nesta primeira sesión que o alumnado se familiarice co balón e co primeiro elemento técnico: O PASE DE MAN. Explicaremos os puntos clave da súa execución, as distintas variantes de execución, os pases non regulamentarios e os erros máis frecuentes.</p>			
QUECEMENTO			
<p>Todos en círculo:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Quecemento articular • Explicación da técnica • Pase coa man ou co puño. Hai que chamar ao compañeiro polo nome antes de pasar. Despois de pasarlle, desprazámonos a ocupar o seu posto. 			
PARTE PRINCIPAL			
<ul style="list-style-type: none"> • En filas enfrontadas, damos 4 pasos e pasamos coa man/puño ao compañeiro da outra fila. • Idem anterior, pero as filas enfrontadas están máis separadas, de maneira que o xogador co balón deberá dar 4 pasos+bote+4 pasos antes de pasar coa man ao compañeiro da outra fila. • XOGO: Pita contaxiosa Comeza quedando un xogador con balón (máis o profesor de apoio), que debe intentar tocar co balón (non lanzar) aos compañeiros. Aqueles que sexan tocados pasan a ser tamén perseguidores. O xogador con balón pode desprazarse con 4 pasos+bote+4 pasos como máximo, se non consegue tocar a ninguén debe pasar a outro compañeiro que xa estea “contaxiado”. O xogo remata cando non queda ninguén sen “contaxiar”. • XOGO: 5 pases + balón ao centro Dividimos ao grupo en dous, cada grupo xogará na súa metade do campo. En cada metade facemos 2 equipos de 5-6 xogadores cada un. Dentro da área de 9 m, cada equipo deberá realizar 5 pases. Ao conseguilo, deberán levar o balón ata o centro do campo para que sexa punto. 			
VOLTA Á CALMA			
En círculo, en gran grupo, realizaremos exercicios de estiramientos.			
ANÁLISE / REFLEXIÓN			
Durante os estiramientos lembraremos os puntos clave do pase de man e puño, así como os erros máis frecuentes observados durante a práctica.			
OBSERVACIÓNS:			
https://youtu.be/6RvLEuRiFO8?si=s8y4vbxKuK1_bUih			

SESIÓN 2	DATA:	CURSO:	DURACIÓN 50 min
CONTIDOS Pase de man/puño Pase de pé Recepcións		ESPAZO: Pista polideportiva	
OBXECTIVOS		MATERIAL: Balóns de fútbol gaélico, petos e conos	
<ul style="list-style-type: none"> • Iniciar /practicar o pase de pé. • Asentar a técnica do pase de man • Aplicar o pase en contextos lúdicos 		ORGANIZACIÓN: Gran grupo - Grupos de 5-8	
FASE DE INFORMACIÓN Lembraremos os puntos clave do pase de man, facendo fincapé na posición dos pés, tronco, cabeza e pasaremos a explicar o PASE DE PÉ. Explicaremos os diferentes pases que hai, fixando a atención na parte do pé que golpea a bóla			
QUECEMENTO Todos en círculo: <ul style="list-style-type: none"> • Quecemento articular • Explicación da técnica • Pase coa man ou co puño. Hai que chamar ao compañeiro polo nome antes de pasar. Despois de pasarlle, desprazámonos a ocupar o seu posto. • Idem anterior, ampliaremos o círculo e executaremos o pase co pé 			
PARTE PRINCIPAL <ul style="list-style-type: none"> • En filas frontadas, damos 4 pasos e pasamos coa man/puño ao compañeiro da outra fila. • Idem anterior, pero as filas frontadas están máis separadas. O xogador co balón deberá dar 4 pasos+ solo +4 pasos antes de pasar co pé ao compañeiro da outra fila. • Idem anterior, e tras os catro pasos executamos un pase co pé baixo e tenso, golpeando co empeine. • XOGO: “Over the river” Dividimos a clase en dous equipos, cada un ocupa un campo. Entre ambos campos hai unha zona neutra (O río). É unha especie de “fut-volei”. O obxectivo do xogo é patear o balón ao campo contrario e conseguir que bote no chan. Se o balón sae do campo do rival, bota no “río” ou é atrapado por algún xogador do equipo contrario, o pateador perde “unha vida”. Unha vez que o xogo é dominado, podemos introducir “infiltrados” do noso equipo no campo contrario. Seguirían as mesmas normas, pero se ao patear o balón o atrapa o/s noso/s “infiltrado/s” serían dous puntos para o noso equipo. https://youtu.be/wUW5Es9dooY?si=7XZbhJf0Oz_03xFA • XOGO: 5 pases de lado a lado Empregando o mesmo espazo que no xogo anterior, cunha zona prohibida no medio, igualamos o número de xogadores de ambos equipos en cada lado do campo. O obxectivo será pasar o balón 5 veces de campo a campo, sen que dea máis dun bote no chan e evitando a zona prohibida (fomentando así o pase longo co pé). Pódense facer pases dentro do propio campo, co pé ou coa man, pero só contan os pases que se fagan de lado a lado. Podemos aproveitar a división do espazo para establecer diferentes niveis de competencia en cada lado. 			
VOLTA Á CALMA En círculo, en gran grupo, realizaremos exercicios de estiramientos.			
ANÁLISE / REFLEXIÓN Durante os estiramientos lembraremos os puntos clave do pase de pé e de man, así como os erros máis frecuentes observados durante a práctica.			
OBSERVACIÓNS: https://youtu.be/jhCo_NP8T_A?si=EuGyYvbNwf-phT7a			

SESIÓN 3	DATA:	CURSO:	DURACIÓN 50 min
CONTIDOS		ESPAZO: Pista polideportiva	
<ul style="list-style-type: none"> • “Crouch lift”: Levantar o balón do chan • Bote e Solo: Uso no desprazamento con balón 			
OBXECTIVOS		MATERIAL: Balóns de fútbol gaélico, petos e conos	
<ul style="list-style-type: none"> • Desenvolver a técnica de levantar o balón • Empregar o solo e o bote nos desprazamentos con balón 		ORGANIZACIÓN: Gran grupo - Grupos de 5-8 - Fileiras	
FASE DE INFORMACIÓN			
Seguiremos aprofundando nos aspectos regulamentarios básicos do xogo. O xeito de levantar o balón do chan e as regras relacionadas con este xesto técnico (Non se pode tocar a un xogador agachado para coller un balón, nin se pode meter o pé cando un xogador está agachado para levantar o balón) O bote e o solo. Cando se pode facer e que me permite realizar cando se executa			
QUECEMENTO			
<ul style="list-style-type: none"> • Quecemento articular • Levantamento de balón do chan situados en filas: Os alumnos sitúanse en catro fileiras enfrontadas a outras catro fileiras que se atopan a unha distancia de 8-10 m. A tarefa consistirá en levantar o balón do chan, avanzar con el catro pasos cara ao compañeiro que está enfronte e deixar a bóla no chan. Despois pásase ao final da fileira de enfronte. • Mesmo exercicio ca o anterior, pero as filas están máis separadas entre si, de xeito que unha vez levantado o balón do chan, a secuencia do exercicio será: Levantar o balón - 4 pasos – solo - 4 pasos – deixar o balón no chan. 			
PARTE PRINCIPAL			
<ul style="list-style-type: none"> • Carreiras de remudas: Filas de 5-6 participantes. Un de cada fila estará en fronte a 25 m de distancia. Cando o profesor dea o sinal, comeza a carreira. O balón estará situado no chan, diante de cada fileira. O primeiro de cada fileira debe levantar o balón correctamente e progresar con el facendo 4 pasos + solo de xeito sucesivo ata chegar ao outro extremo, colocando no chan o balón diante do seu compañeiro. Cando apoie o balón no chan, o compañeiro que está en fronte poderá iniciar o seu levantamento e transporte do balón cara ao outro extremo da fila. • Idem anterior, pero na ida hai que levar o balón con 4 pasos + solo e á volta pode transportarse “o máis rápido posible”, (o que implica que se pode avanzar co balón ou facer un pase de pé desde lonxe) • XOGO: O Rouba peras: Dividimos a clase en dous grupos e colocamos 5-10 balón dentro de cada área de balonmán. O obxectivo é coller todos os balón que hai dentro da área contraria e traelos para a nosa, evitando co contrario colla os nosos. Se me tocan sen balón en campo contrario teño que voltar ao meu. Se me tocan con balón en campo contrario teño que deixalo no chan, para que volvan a metelo na área, e quedarme quieto no sitio até que me libren. 			
VOLTA Á CALMA			
En circulo, en gran grupo, realizaremos exercicios de estiramientos.			
ANÁLISE / REFLEXIÓN			
Durante os estiramientos lembraremos os puntos clave do solo e do crouch lift, así como os erros máis frecuentes observados durante a práctica.			
OBSERVACIÓNS:			
https://youtu.be/lwALuwq8yJs?si=DvF5Ps2tDK4FVvk0o https://youtu.be/MZwQ695hqgk?si=Jg2rSp6HE_X_mXvo			

SESIÓN 4	DATA:	CURSO:	DURACIÓN 50 min
CONTIDOS		ESPAAZO: Pista polideportiva	
<ul style="list-style-type: none"> Tiro a paus 			
OBXECTIVOS		MATERIAL: Balóns de fútbol gaélico, petos e conos	
<ul style="list-style-type: none"> Iniciarse e practicar o lanzamento a paus Valorar o espazo e momento de lanzamento a paus 		ORGANIZACIÓN: Gran grupo - Grupos de 5-8 - Fileiras	
FASE DE INFORMACIÓN			
Un dos elementos clave do Fútbol Gaélico, o tiro a paus, será o centro desta sesión. Explicaremos os aspectos máis importantes, a colocación dos pés, mans e cabeza que debemos adoptar na súa execución, así como os espazos e momentos máis oportunos para a súa execución.			
QUECEMENTO			
<ul style="list-style-type: none"> Pases co pé en círculo. Gran grupo, chamamos ao compañeiro ao que lle queremos facer o pase de pé. Fileiras: Saír 4 pasos + solo + 4 pasos dar a volta e pase o seguinte xogador co pé (pase tenso). Idem anterior, pero realizamos un pase parabólico. O xogador receptor deberá saltar a coller o balón. 			
PARTE PRINCIPAL			
<ul style="list-style-type: none"> O reloxo. Lanzamentos a paus desde diferentes postos. Cada vez que se consegue marcar punto, avánzase ao seguinte posto. (3 a 5 postos). Metade do grupo fai lanzamentos e a outra metade recolle o balón para ir a lanzar. Xogo do círculo. Dous equipos. No medio campo hai un círculo de 10 m de diámetro que contén no seu centro unha portería marcada por 2 postes ou conos. O obxectivo do xogo é marcar punto (pasar o balón entre os postes) pero só serán válidos os lanzamentos realizados desde fóra do círculo. Xogo real de Fútbol Gaélico, incidindo no lanzamento a paus. O lanzamento a paus con éxito valórase con 2 puntos. Cando se produce un lanzamento a paus con éxito, concédese un lanzamento libre a paus (sen oposición) desde a mesma posición, (pero sempre fóra da área) 			
VOLTA Á CALMA			
En círculo, en gran grupo, realizaremos exercicios de estiramientos.			
ANÁLISE / REFLEXIÓN			
Durante os estiramientos lembraremos os puntos clave do lanzamento a paus, así como os erros máis frecuentes observados durante a práctica.			
OBSERVACIÓNS:			
https://youtu.be/Vjp2oeXWB3c?si=j14J8N0u4XXbNlvf https://youtu.be/_p8133pcJKM?si=s23hxbo-aNCzJ38q			

SESIÓN 5	DATA:	CURSO:	DURACIÓN 50 min
CONTIDOS		ESPAAZO: Pista polideportiva	
<ul style="list-style-type: none"> • O xogo do Fútbol Gaélico • Situación de xogo: O saque de portería • Principio Táctico: Conservar / Roubar o balón 			
OBXECTIVOS		MATERIAL: Balóns de fútbol gaélico, petos e conos	
<ul style="list-style-type: none"> • Comprender o funcionamento, regras xerais e lóxica interna do Fútbol Gaélico • Adaptar a conduta motriz do alumnado ás diferentes <i>Situacións de Xogo</i> e aos <i>Principios Tácticos</i> que o rexen. 		ORGANIZACIÓN: Gran grupo - Grupos de 5-8 - Fileiras	
FASE DE INFORMACIÓN			
<p>Se nos propoñemos iniciar ao noso alumnado no Fútbol Gaélico desde o modelo comprensivo, esta será a primeira sesión que desenvolvamos co noso alumnado, polo que é recomendable realizar unha presentación previa do deporte como a que se amosa neste vídeo, xa mencionado na sesión 1: https://youtu.be/Wtx6voKmkus?si=IW7Pw4ZB9gHzCgGg</p> <p>Se facemos unha continuación co noso alumnado do aprendido até agora nas primeiras catro sesións, o deseño das seguintes sesións seguirán este esquema:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Xogo real, • Situacións Específicas do xogo e Principios tácticos • Adestramento técnico para a resolución dos problemas motrices xurdidos. 			
QUECEMENTO			
<ul style="list-style-type: none"> • Quecemento articular: • Nun espazo reducido (circulo ou cadrado) móvense os xogadores libremente, con varios balóns. Seguir as instrucións que se indican: <ul style="list-style-type: none"> ◦ Pasarse continuamente os balóns dispostos no espazo. O xogador con balón pode (ou debe) facer un solo antes de pasar a un compañeiro. ◦ Balóns dispostos polo chan, levántalo, facer solo e deixalo de novo no chan para que o recolla outro compañeiro. ◦ Chamar un compañeiro e lanzar o balón verticalmente. O compañeiro debe saltar e coller o balón no aire. • Estiramientos 			
PARTE PRINCIPAL			
<ul style="list-style-type: none"> • Xogo real: Facemos 3 equipo e iniciamos un partido de 5 minutos de duración ou ata que un equipo marque 1 gol ou 2 puntos. O equipo que descansa encárgase da arbitrase e dos postos de umpires (detrás das porterías) • Conservar / roubar o balón: <ul style="list-style-type: none"> ◦ Xogo condicionado: Prohibimos facer solos. Despois prohibimos facer solos e bote do balón. ◦ Xogo condicionado: Facer mínimo 5 pases antes de poder lanzar a portería. • Situación de saque de portería: Dividimos o gran grupo en 2, xogando en cada metade do campo 2 equipos. O equipo que saca de porta debe chegar a medio campo. O equipo defensor debe roubar e tirar a porta. 5 balóns cada equipo antes de cambiar de rol. 			
VOLTA Á CALMA			
Estiramientos			
ANÁLISE/REFLEXIÓN			
Lembramos que as situacións nas que se produce saque de portería e as condicións nas que se debe realizar. Importancia de ter un bo saque de porta por parte do porteiro.			
OBSERVACIÓNS: https://youtu.be/FAIMmwagNiM?si=g7LZg1c0CjuXJ4pm			

SESIÓN 6	DATA:	CURSO:	DURACIÓN 50 min
CONTIDOS		ESPAZO: Pista polideportiva	
<ul style="list-style-type: none"> • O xogo do Fútbol Gaélico • Situación de xogo: Contraataque • Principio Táctico: Progresar á meta contraria 			
OBXECTIVOS		MATERIAL: Balóns de fútbol gaélico, petos e conos	
<ul style="list-style-type: none"> • Comprender o funcionamento, regras xerais e lóxica interna do Fútbol Gaélico • Adaptar a conduta motriz do alumnado ás diferentes <i>Situacións de Xogo</i> e aos <i>Principios Tácticos</i> que o rexen. 		ORGANIZACIÓN: Gran grupo - Grupos de 5-8 - Fileiras	
FASE DE INFORMACIÓN			
Focalizaremos a atención nos elementos técnicos máis implicados no Contraataque: Saque de portería, pase rápido, correr sen balón.			
QUECEMENTO			
<ul style="list-style-type: none"> • Quecemento articular: • Nun espazo reducido (circulo ou cadrado) móvense os xogadores libremente, con varios balóns. Seguir as instrucións que se indican: <ul style="list-style-type: none"> ◦ Pasarse continuamente os balóns dispostos no espazo. O xogador con balón pode (ou debe) facer un solo antes de pasar a un compañeiro. ◦ Balóns dispostos polo chan, levantalo, facer solo e deixalo de novo no chan para que o recolla outro compañeiro. ◦ Chamar un compañeiro e lanzar o balón verticalmente. O compañeiro debe saltar e coller o balón no aire. • Estiramientos 			
PARTE PRINCIPAL			
<ul style="list-style-type: none"> • Xogo real: Facemos 3 equipo e iniciamos un partido de 5 minutos de duración ou ata que un equipo marque 1 gol ou 2 puntos. O equipo que descansa encárgase da arbitrase e dos postos de umpires (detrás das porterías) • Progresar a meta contraria <ul style="list-style-type: none"> ◦ Xogo condicionado: Prohibido facer solo. Facer máximo 5 pases antes de lanzar a portería. Se fan máis de 5 pases, balón para o equipo contrario. Se marcan punto en 3 pases ou menos, concédese un lanzamento libre ao equipo desde o lugar que tiraron. • Situación de contraataque: Ataque nunha área e defensa na outra. Dividimos o gran grupo en 2, cada metade nunha liña de fondo do campo. Por parellas, atacan a portería contraria. En canto lanzan á portería, sae outra parella con balón a atacar a portería contraria e a primeira parella irá a defendelas. 			
VOLTA Á CALMA			
Estiramientos			
ANÁLISE/REFLEXIÓN			
Mentres estiramos, lembramos a necesidade de repregar en canto facemos un lanzamento a portería. Anticiparse á defensa en canto recuperamos o balón, iniciar con saque rápido.			
OBSERVACIÓNS:			
https://youtu.be/CshUzzFce0M?si=FViKxyDr6lfJzGRq			

SESIÓN 7	DATA:	CURSO:	DURACIÓN 50 min
CONTIDOS		ESPAAZO: Pista polideportiva	
<ul style="list-style-type: none"> Os distintos golpes para marcar (hook kick, punt kick, man/puño) Os lanzamentos a paus Situacións de lanzamento: 45 m, falta... 			
OBXECTIVOS		MATERIAL: Balóns de fútbol gaélico, petos e conos	
<ul style="list-style-type: none"> Concienciar ao a alumnado da importancia de anotar puntos (e non obsesionarse co gol) Practicar diversas técnicas de golpeo Elixir o momento e lugar óptimo para lanzar 		ORGANIZACIÓN: Gran grupo - Grupos de 5-8 - Fileiras	
FASE DE INFORMACIÓN			
<p>Nesta última sesión no centro escolar, fixaremos a atención nas distintas formas de lanzar. A importancia de executar unha boa técnica e a zona idónea de lanzamento, “Golden zone” que se sitúa por diante da área grande do campo de fútbol. Chamar tamén a atención na importancia de marcar puntos, pois é o que determina na maior parte dos casos a vitoria.</p>			
QUECEMENTO			
<ul style="list-style-type: none"> Quecemento articular: En círculo, pase de puño a un compañeiro e ir a ocupar o seu posto. Non se pode pasar aos xogadores que están xusto ao lado. Progresivamente, imos aumentando a esixencia do exercicio: <ul style="list-style-type: none"> Despois de pasar hai que ir a tocar ao compañeiro antes de que faga pase. O xogador que é tocado antes de pasar, o que se esquece de ir tocar despois do pase, o que fai un mal pase ou unha mala recepción, deben dar unha volta ao círculo como “castigo”. Unha vez dominan o exercicio, podemos introducir a blocaxe / intercepción do pase cando se vai tocar ao xogador. 			
PARTE PRINCIPAL			
<ul style="list-style-type: none"> Xogo real: Facemos 3 equipo e iniciamos un partido de 5 minutos de duración ou ata que un equipo marque 1 gol ou 2 puntos. O equipo que descansa encárgase da arbitrase e dos postos de umpires (detrás das porterías) Para reforzar o procura do tiro a paus, usaremos varias estratexias: <ul style="list-style-type: none"> Cada tiro a paus vale 2 puntos Cada vez que se marca un tiro a paus, concedemos outro tiro libre a paus desde o lugar onde se anotou o anterior. Xogo condicionado: <i>Xogo do círculo</i> Dividimos o grupo en 2 metades, facendo o mesmo xogo en cada lado do campo. Dous equipos. No medio campo hai un círculo de 10 m de diámetro que contén no seu centro unha portería marcada por 2 postes ou conos. O obxectivo do xogo é marcar punto (pasar o balón entre os postes) pero só serán válidos os lanzamentos realizados desde fóra do círculo. Lanzamento de 45 m: O lanzamento de 45m é unha situación específica do fútbol gaélico, que se produce cando o equipo defensor envía fóra o balón pola súa liña de fondo. (Non hai corner no fútbol gaélico). Desde esta distancia, faise un lanzamento desde o chan. As opcións poden ser: <ul style="list-style-type: none"> Tirar directamente a portería Buscar que un compañeiro remate a gol (co pé ou co puño, nunca coa cabeza) Pasar a un compañeiro (separado polo menos 13 m) e continuar a situación de ataque. 			
VOLTA Á CALMA			
Estiramentos			
ANÁLISE/REFLEXIÓN			
Lembrar a correcta execución técnica das faltas: Zona de golpeo do pé, situación da cabeza-ombros-mans e pés. Lembrar que os partidos gáñanse a puntos!			
OBSERVACIÓNS:			

Modelo Xornada Competitiva Intercentros

Campo de fútbol de Vilariño, (Nigrán) 17 de marzo de 2023.

2 Centros participantes: (IES VAL MIÑOR – IES ESCOLAS PROVAL)

Cada centro con dous cursos cada un. (A e B) (4 cursos)

De cada curso facemos 2 equipos (A1 e A2 // B1 e B2)

8 EQUIPOS EN TOTAL

CENTRO ESCOLAR	CURSO	EQUIPOS
IES VAL MIÑOR	VAL MIÑOR 1º ESO A	VALMIÑOR A1
		VALMIÑOR A2
	VAL MIÑOR 1º ESO B	VALMIÑOR B1
		VALMIÑOR B2
IES ESCOLAS PROVAL	ESCOLAS PROVAL 1º ESO A	PROVAL A1
		PROVAL A2
	ESCOLAS PROVAL 1º ESO B	PROVAL B1
		PROVAL B2

HORA	CAMPO 1	RESULTADO	CAMPO 2	RESULTADO
10:00	VAL MIÑOR A1- PROVAL A1		VAL MIÑOR B1 – PROVAL B1	
10:15	VAL MIÑOR A2- PROVAL A2		VAL MIÑOR B2 – PROVAL B2	
10:30	VAL MIÑOR A1- PROVAL B1		VAL MIÑOR B1 – PROVAL A1	
10:45	VAL MIÑOR A2- PROVAL B2		VAL MIÑOR B2 – PROVAL A2	
11:00	VAL MIÑOR A1- PROVAL A2		VAL MIÑOR A2 – PROVAL A1	
11:15	VAL MIÑOR B1- PROVAL B2		VAL MIÑOR B2 – PROVAL B1	
11:30	VAL MIÑOR A1- PROVAL B2		VAL MIÑOR B2 – PROVAL A1	
11:45	VAL MIÑOR B1- PROVAL A2		VAL MIÑOR A2 – PROVAL B1	

Criterios de organización da xornada

- Duración da actividade: 2 horas
- Todos os equipos xogan 4 encontros contra os equipos do outro centro.
- Ningún equipo xoga máis de 2 encontros seguidos
- Ningún equipo está máis de 2 encontros seguidos sen xogar

Normas de xogo

(Consensuar co profesorado antes de iniciar o encontro)

- Xogo 9 x 9 xogadores
- Poden facerse os cambios que se queiran ao longo do xogo.
- Modificacións regulamentarias:
 - Prohíbese a carga lateral;
 - Levantar balón do chan;
 - Permitir “solo” coa coxa.

Organización do torneo

- O torneo desenvolverase en 2 campos (Campo 1 e Campo 2)
- Os partidos teñen unha duración de 12 min., máis 3 minutos de descanso e preparación do seguinte partido.
- Cada vitoria son 2 puntos; empate 1 punto.

Posibilidade de ampliación da actividade

(Se se dispón de máis 2 horas de tempo)

- Finalizada a fase de liga, pódese facer unha Final, en función do tempo e do que acorden os profesores e organizadores.
- Os dous CURSOS que acade maior puntuación sumando as puntuacións dos seus EQUIPOS, xogarán a Final.
- En caso de empate nas puntuacións, teránse en conta os resultados obtidos nos encontros de liga.
- Na Final xogarase 11 x 11 a campo enteiro, un partido de 20 minutos (10 en cada parte).
- Para xogar a Final, os CURSOS finalistas poden combinar xogadores dos 2 EQUIPOS que teñan.

Xogos de aplicación nas aulas de EF

NOME	O RELOXO
OBXECTIVO	Mellorar a eficacia no pase
<p>Facemos un círculo formado por dez alumnos cunha separación dun metro entre eles e un balón.</p> <p>Á voz do profesor un alumno en posesión do balón, pásallo ao compañeiro que teña ao seu lado dereito e bota a correr ao redor do círculo. Ao tempo que el corre os seus compañeiros van pasando o balón.</p> <p>O alumno que está a correr ten que chegar ao seu posto antes que o faga o balón.</p>	

NOME	O PELOTAZO
OBXECTIVO	Coordinar os pasos co pase / lanzamento de man
<p>Nun espazo limitado, todos os alumnos se disputan un balón (brando, de espuma ou semellante). O obxectivo do xogo é coller o balón e eliminar ao demais xogadores mediante o lanzamento do balón. O lanzamento debe realizarse única e exclusivamente mediante un golpeo de puño. O xogador que está en posesión do balón só pode desprazarse 4 pasos como máximo con el, despois deberá lanzarlllo a alguén. Se un xogador é alcanzado polo balón, debe sentar no chan, quedando eliminado ata que alguén llo pase ou o consiga tocar (nun rebote doutro lanzamento, por exemplo). Gaña o xogador que consiga eliminar a todos os demais.</p>	

NOME	PELOTAZO CONTAMINANTE
OBXECTIVO	<ul style="list-style-type: none">• Mellorar a precisión no pase de man/puño• Coordinar os pasos co pase / lanzamento de man• Seleccionar o compañeiro mellor situado para facerlle o pase
<p>Comeza o xogo un só xogador con balón que será o único que poida coller o balón para “contaminar” aos demais. A regra de xogo co balón é a mesma das outras variantes: só pode dar 4 pasos e logo ten que tirar o balón a algún dos demais participantes, sempre con golpeo de puño. Cando alcance a un xogador, este pasa tamén a “contaminar” aos demais. Progresivamente iránse “contaminando” todos os participantes, rematando o xogo cando non quede ningún xogador sen “contaminar”.</p>	

NOME	PELOTAZO POR EQUIPOS
OBXECTIVO	<ul style="list-style-type: none">• Mellorar a precisión no pase de man/puño• Coordinar os pasos co pase / lanzamento de man• Seleccionar o compañeiro mellor situado para facerlle o pase
<p>Desenvólvese dun xeito moi similar ao xogo anterior, pero agora hai 3 equipos en xogo. Calquera pode coller o balón, pero agora colabora cos membros do seu propio equipo para eliminar aos xogadores dos outros dous equipos. Para poder salvar a un compañeiro eliminado (pasándolle o balón) haberá que primeiramente eliminar a un xogador dos equipos contrarios.</p>	

NOME	PITA CON BALÓN
OBXECTIVO	<ul style="list-style-type: none"> • Mellorar a precisión no pase de man/puño • Coordinar os pasos co pase / lanzamento de man • Seleccionar o compañeiro mellor situado para facerlle o pase
<p>Os alumnos distribuídos en media cancha xogarán á “pita”.</p> <p>Un alumno co balón collido coas dúas mans ten como obxectivo tocar aos demais compañeiros con este, non se pode lanzar. Os demais alumnos teñen que desprazarse por todo o espazo evitando que os toquen. Xogador tocado pasa a pillar, de xeito que o número de perseguidores vai en aumento até que non quede ningún alumno por tocar. O xogador con balón pode desprazarse 4 pasos+solo+4 pasos para tratar de tocar aos que escapan. Tamén pode pasar aos demais xogadores perseguidores.</p>	

NOME	O ROUBAPERAS
OBXECTIVO	<p>Practicar o “crouch lift”</p> <p>Tomar decisións individuais respecto aos momentos de ataque/defensa</p> <p>Desenvolver estratexias de actuación colectiva</p>
<p>Dividimos a clase en dous grupos e colocamos 5-10 balóns dentro de cada área de balonmán.</p> <p>O obxectivo é coller todos os balón que hai dentro da area contraria e traelos para a nosa, evitando co contrario colla os nosos.</p> <p>Se me tocan sen balón en campo contrario teño que voltar ao meu.</p> <p>Se me tocan con balón en campo contrario teño que deixalo no chan, para que volvan a metelo na área, e quedarme quieto no sitio até que me libren. Todo balón que estea no chan hai que levantalo facendo un “Crouch lift”.</p> <p>En campo propio e dentro da área non me poden tocar.</p>	

NOME	O TOCADO
OBXECTIVO	<ul style="list-style-type: none"> - Mellorar o pase e reducir o tempo de toma de decisións - Procurar desmarques claros no ataque
<p>Dous equipos xogan a poñer o balón detrás da liña de meta do equipo contrario. Se o xogador con balón é tocado por un defensor, non pode seguir avanzando. Se o xogador con balón é tocado por dous defensores, o seu equipo perde a posesión do balón. Inicialmente, os xogadores con balón poden correr ilimitadamente co balón. Despois, deben progresar con balón respectando as normas do xogo.</p>	

NOME	OS 5 PASES
OBXECTIVO	<ul style="list-style-type: none"> • Seleccionar os pases máis axeitados • Ocupar o espazo eficazmente para conseguir o obxectivo do xogo • Desmarcarse do / Marcar ao rival
<p>Nun espazo de 15 x 15 m xogan 2 equipos co obxectivo de facer 5 pases seguidos entre os membros do equipo sen que os rivais consigan roubar balón. Iremos introducindo consignas que dificulten a tarefa:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Non se pode repetir pase. • Se o balón cae ao chan hai que comezar a conta dos pases. • Se o equipo rival intercepta o balón nun pase, hai que comezar de novo a conta. 	

NOME	OS 5 PASES + CONTRAATAQUE
OBXECTIVO	<ul style="list-style-type: none"> • Optimizar o uso dos pases • Orientar os pases cara a progresión a meta
<p>Xogo similar ao da sesión anterior. Nun espazo de 15 x 15 m xogan 2 equipos co obxectivo de facer 5 pases seguidos entre os membros do equipo sen que os rivais consigan roubar balón. Unha vez feitos os 5 pases, deberán colocar o balón no circulo central de medio campo para marcar punto. Iremos introducindo consignas que dificulten a tarefa:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Non se pode repetir pase. • Se o balón cae ao chan hai que comezar a conta dos pases. • Se o equipo rival intercepta o balón nun pase, hai que comezar de novo a conta dos pases. 	

NOME	OS 5 PASES + LANZAMENTO A PAUS
OBXECTIVO	<ul style="list-style-type: none"> • Optimizar o uso dos pases • Orientar os pases na procura de zona óptima de anotación
<p>Xogo similar ao da sesión anterior. Dentro da área de 9 m da pista de balonmán xogan 2 equipos co obxectivo de facer 5 pases seguidos entre os membros do equipo sen que os rivais consigan roubar balón. Unha vez feitos os 5 pases, deberán saír fóra da área de 9 m e tirar a paus. Inicialmente, o equipo que defende non pode saír da área a bloquear o lanzamento a paus. A medida que van dominando o xogo, pódese permitir que os defensores saian fóra da área a defender. Iremos introducindo consignas que dificulten a tarefa:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Non se pode repetir pase. -Se o balón cae ao chan hai que comezar a conta dos pases. -Se o equipo rival intercepta o balón nun pase, hai que comezar de novo a conta dos pases. 	

NOME	OS CADRADOS
OBXECTIVO	<p>Manter a posesión do balón Iniciar rápido un contraataque</p>
<p>Dentro do espazo de xogo, cada equipo ten 2 cadrados situados en diagonal , cada un nun extremo da pista. O obxectivo é facer un pase de pé ao compañeiro que estea no cadrado. Se recibe o balón, o compañeiro sae a iniciar o pase ao outro cadrado. O que fixo o pase, métese no cadrado. Dentro do cadrado non pode haber xogadores do equipo contrario. Cada vez que se pasa ao compañeiro con éxito, é un punto para o equipo.</p>	

NOME	O CÍRCULO
OBXECTIVO	Seleccionar a zona óptima de lanzamento
<p>Dous equipos. No medio campo hai un círculo de 10 m de diámetro que contén no seu centro unha portería marcada por 2 postes ou conos. O obxectivo do xogo é marcar punto (pasar o balón entre os postes) pero só serán válidos os lanzamentos realizados desde fóra do círculo.</p>	

Organismos do Fútbol Gaélico

GAA

A GAA (Gaelic Athletic Association) é unha organización deportiva e cultural presente nos 32 condados de Irlanda, así como tamén nos 5 continentes. Fundada en 1884 por Michael Cusack, é a organización deportiva máis antiga de Irlanda e promotora dos principais deportes gaélicos: Fútbol, Hurling, Rounders, e Handball, colaborando coas organizacións que promoven o Camogie (Hurling feminino) e o fútbol gaélico feminino. (LGFA). A GAA tamén promove o Poc Fada (unha especie de Golf) e o Scor, unha competición de tipo cultural que atinxe certames de música, danza e poesía.

A GAA ten arredor dun millón de membros e forman parte dela uns 2300 clubs por todo o mundo.

O estadio Croke Park, en Dublín, con capacidade para 82000 persoas é a sé principal da GAA. Alí se disputan as finais dos Campionatos All-Ireland, sendo un dos eventos deportivos máis destacados de Irlanda.

<https://www.gaa.ie/>

LGFA

No referente ao Fútbol Gaélico Feminino, a LGFA (Ladies Gaelic Football Association) creada no ano 1974, é o organismo regulador deste deporte entre as mulleres en Irlanda. Organiza as competicións e conta con diferenzas normativas respecto ao xogo masculino, traballando en coordinación coa GAA.

<https://ladiesgaelic.ie/>

GGE

Gaelic Games Europe é o organismo de goberno da GAA, LGFA e CA (Camogie Association) para Europa. Creada co ánimo de apoiar aos deportistas irlandeses na diáspora, hoxe conta con membros de múltiples países do continente. Organizan competicións, convencións e cursos para o desenvolvemento dos deportes gaélicos, nomeadamente o Fútbol e Hurling.

<https://gaelicgameseurope.com/>

Presenza na Galiza

No ano 2010, por iniciativa de Wenceslao García Zapata, presentouse o primeiro equipo galego Fillos de Breogán, que xogou desde a súa fundación todos os torneos do Campionato Ibérico de Clubs. En xullo de 2012, da man de Siareiras Galegas e da Fundação Artábria, xogouse o primeiro partido da selección galega masculina de fútbol gaélico, nun encontro disputado en Narón, contra a selección de Bretaña. Logo deste encontro, comezaron a aparecer máis equipos pola xeografía galega como Irmandinhos (A Estrada), Mecos (O Grove), Suévia (Compostela) ou Faísca (Vigo). Os primeiros, xunto cos coruñeses, crearon a Asociación Galega de Fútbol Gaélico, organismo recoñecido pola GAA para a xestión dos deportes gaélicos na Galiza.

Outros decidiron competir de forma mixta, xogando homes e mulleres en igualdade, xurdindo así a [Liga Gallaecia](#). Desde a pandemia, esta competición non se volveu desenvolver en formato regular, se ben continúan organizando encontros de forma puntual. A Liga Gallaecia elaborou tamén un código de condutas no que se pune actitudes machistas, racistas ou homófobas por parte dos xogadores e xogadoras mais tamén das persoas que acoden ao campo a animar ou presenciar os xogos. Porén, non é unha competición recoñecida pola GAA.

AGFG (Asociación Galega de Fútbol Gaélico)

AGFG é o organismo regulador do fútbol gaélico en Galicia, creado en 2013. Afiliado á Gaelic Athletic Association (GAA) e ao Gaelic Games Europe (GGE) organiza a Liga Galega de Fútbol Gaélico, a Copa Galega e tamén é a entidade da que depende a Selección Galega de fútbol gaélico. En Xuño de 2017 asinou un acordo para a inclusión da Asociación Galega de Fútbol Gaélico e o fútbol gaélico como especialidade deportiva da Federación Galega de Fútbol <https://gaelicogalego.gal/>

Gaélico Escolas

Dentro da AGFG, as **Gaélico Escolas** nace no ano 2021 como un proxecto de formación e divulgación do fútbol gaélico entre os máis xóvenes. Conscientes da importancia que isto ten na continuidade e supervivencia de calqueira modalidade deportiva, o obxectivo principal deste proxecto é fomentar a práctica do fútbol gaélico entre as nenas e nenos que se atopan en idade escolar, promovendo os valores que leva intrínsecos o noso deporte e formando futuros xogadores.

As Gaélico Escolas ofertan visitas gratuítas a centros escolares e ofrecen material didáctico para difundir nas aulas de Educación Física o noso deporte. Tamén realizan outras actividades relacionadas coa formación de deportistas, como escolas deportivas extraescolares, campus de verán e competicións. Se estás interesada/o, ponte en contacto: escolas@gaelicogalego.gal

<https://www.gaelicoescolas.gal/>

GAÉLICO ESCOLAS



DECÁLOGO BOAS PRÁCTICAS



- 1 RESPECTO MUTUO**
Comprométete a tratar con respecto a compañeiras, arbitros e rivais.
- 2 COMUNICACIÓN EFECTIVA**
Fomenta a comunicación aberta e honesta. escoita activamente.
- 3 NON SEXISMO, NON MACHISMO**
Non queremos sexismos nin machismos. A educación sempre en igualdade.
- 4 NON RACISMO**
As discriminacións por razóns de sexo, raza, cor ou orixes étnicas e sociais non teñen cabida aquí.
- 5 PROMOCIÓN DA DIVERSIDADE**
Celebra a diversidade e evita calquera forma de discriminación ou exclusión.
- 6 FALAMOS GALEGO**
Temos unha lingua propia que entre todas e todos debemos coidar.
- 7 XESTIÓN DE CONFLICTOS**
Aborda os conflitos de maneira pacífica e construtiva.

www.gaelicoescolas.gal

Ligazóns de interese

DIDÁCTICA / ADESTRAMENTO

<https://learning.gaa.ie/>

<https://www.youtube.com/@GAALearningChannel>

<https://ladiesgaelic.ie/learn/>

<https://ladiesgaelic.ie/lgfa-hub/coaches/>

Titorial (en galego)

<https://www.youtube.com/watch?v=Wtx6voKmkus&t=73s>

Xogos para Fútbol Gaélico (en galego)

<https://www.youtube.com/watch?v=W2s7mKAA7KM&t=80s>

Exercicios para Fútbol Gaélico (en galego)

<https://www.youtube.com/watch?v=Wvz93mKdfG0>

REGULAMENTO / NORMATIVA

<https://gaelicogalego.gal/documentacion/normativa/>

OUTROS

[Dicionário Galego do Futebol](#)